

Organización das EOI

Despois de recoñecer a asesoría xurídica da Xunta que as instrucións sobre as probas libres das EOI neste curso non tiñan carácter normativo, que pensa facer a Consellaría?

Desde a CIG-Ensino solicitamos desta administración educativa que deixe a liña de tomar decisións unilaterais e que só producen malestar entre o profesorado e problemas de xestión nas escolas oficiais de idiomas. O que debe facer a Consellaría e prestar atención ao que lle di o profesorado en xeral e as equipas directivas en particular de cara a unha correcta organización das ensinanzas de idiomas. Non é a primeira vez que se actúa dun xeito despótico e a mellor noticia para todas e todos sería que fose a última. Rectifiquen e atendan a quen están no día a día no traballo docente e de xestión das EOI.

Instamos á Consellaría a abandonar a imposición e buscar o consenso cos centros educativos.

A administración di que a situación das escolas non é tan grave, só entende que hai que tomar decisións coas probas libres,

obrigadas, que non sempre son as que lles gustaría.

IES Val do Asma (Chantada).

Na mesa do 9 de marzo se nos comunica que o IES Val do Asma non pasará a ser un CIFP, pero que van agrupar ensinanzas de FP nel, o cal para a CIG-Ensino é poñerlle data de caducidade a este centro.

Na mesa do 29 de marzo díxenos que non vai a haber cambio algún.

Posteriormente se nos di que en 15 días teríamos resposta e a 26 de abril seguíamos sen reposta.

Onte, 26 de abril na mesa sectorial, o director xeral de centros e recursos humanos volve confirmar que non vai a haber cambios.

Isto é así? E de confirmar que non vai a haber cambios este curso, ten pensado a Consellaría facelo nos seguintes cursos?

O secretario xeral, despois de dicir que só el pode falar con propiedade do tema, afirma que todo o alumnado da ESO e bacharelato cabe nun só centro, cando se fagan as obras pertinentes, o IES Val do Asma quedará só como centro de formación profesional.

